

SAÍDA SOCIOEDUCATIVA A TUI E O PORRIÑO

DATA: Sábado 23 de setembro


DÍA DE INSCRICIÓN: 15 de setembro no Departamento de Servizos Sociais de 09.00 a 15.00 h.

PERSONAS DESTINATARIAS: 110 persoas maiores de 55 anos do Concello de Bergondo.

DESCRICIÓN:

8.00 a 10.45	Saída de Bergondo a Tui, con parada no camiño
10.45 a 12.00	<p>Visita guiada Tui, ruta dos Xudeos</p>  <p>A comunidade xudea xogou un importante papel na época medieval desta vila, sendo parte importante no desenvolvemento da mesma. As construcións xudeas salpican o casco antigo misturándose coas construcións cristiás, en curiosa sintonía en contraposición á separación por barrios doutros lugares; como máximo exemplo desta colaboración pode verse unha menorá xudea no claustro da catedral. A comunidade xudea contaba con todos os elementos propios da súa cultura na vila como a sinagoga, cemiterio e carnicería.</p>
12.30 a 13.45	Tempo Libre por Tui.
13.45 a 14.00	Traslado ao Restaurante Cruceiro do Monte http://www.cruceirodomonte.com/
14.00 a 16.00	Xantar co seguinte menú: 1º Caldo galego 2º Merluza á romana con patacas Sobremesa: Tarta xeada ou froita de temporada Bebidas e café
16.00 a 16.15	Traslado a Salceda de Caselas
16.30 a 17.30	<p>Visita ao Espicho do Faro en Salceda de Caselas</p> 



	<p>O lugar de Espicho do Faro é un parque acondicionado no ano 2007 para salvar e preservar este impresionante miradoiro sobre o val do río Miño. No lugar érguense dúas lombas, o Espicho e o Alto do Faro, a máis de 200 metros sobre o nivel do mar.</p> <p>Ademais das zonas acondicionadas con fontes, estanques e mobiliario diverso, podemos atopar singulares formacións rochosas e, sobre todo, disfrutar das maravillosas vistas dende tan singular atalaia, moi próxima á posible localización do castelo de Toroña ou de Entenza.</p>
17.30 a 18.00	Desprazamento a O Porriño
18.00 a 19.15	Visita guiada polo centro histórico do Porriño.
	 <p>O Porriño é un singular concello da bisbarra de Vigo que conta coas súas propias sete marabillas escollidas por votación popular no ano 2007. Aínda que posúe extensas mostras de patrimonio etnográfico, industrial e inmaterial, pola supervivencia de antiquísimas tradicións, destaca polo seu patrimonio arquitectónico relixioso pero, sobre todo, pola súa arquitectura civil, tendo como máximo expoñente a obra do arquitecto Antonio Palacios, quen deseñou o singular edificio da casa consistorial entre moitos outros.</p>
19.15 a 20.00	Tempo Libre pola vila de O Porriño
20.00 a 22.00	Retorno a Bergondo.

